



Tests

Test 1

Pode utilizar o test 1 como repaso global de todo o explicado ao longo da primeira metade do curso ou, se se incorpora algún alumno novo ao grupo, como proba de nivel.

Solucións

- | | | | | |
|------|------|-------|-------|-------|
| 1. b | 5. a | 9. c | 13. d | 17. d |
| 2. a | 6. d | 10. d | 14. c | 18. c |
| 3. c | 7. b | 11. b | 15. b | 19. c |
| 4. b | 8. b | 12. a | 16. c | 20. d |

Test 2

Pode utilizar o test 2 como repaso global de todo o explicado ao longo do curso ou como proba de nivelación antes de comezar o seguinte nivel.

Solucións

- | | | | | |
|------|------|-------|-------|-------|
| 1. d | 5. b | 9. b | 13. c | 17. a |
| 2. c | 6. d | 10. b | 14. d | 18. d |
| 3. a | 7. a | 11. d | 15. b | 19. c |
| 4. b | 8. c | 12. a | 16. c | 20. d |

Test 1

- 1** ● E como _____ iso?
○ Pois só tes que _____ a ese botón.Vai _____ .
a. vai/dar/con cable.
b. funciona/darlle/con pilas
c. serve/empuxar/con enerxía
d. se usa/xirar/con pilas
- 2** ● Bo día. Quería un GPS que _____ un mapa de toda Europa.Vino onte nese escaparate.
a. ten
b. vai ter
c. teña
d. tería
- 3** ● _____ as persoas que falan todo o tempo e non saben escoitar os demais.
a. Son de nervios
b. Irrítame
c. Póñenme nerviosa
d. Póñenme nerviosas
- 4** ● Creo que podías colaborar máis coas tarefas da casa
○ Pero, _____ Se xa fago eu a maior parte.
a. síntoo!
b. que dis!
c. que farto!
d. ao final!
- 5** ● Non sei como puidiches _____ .
É _____ .
a. mercalo/feísimo
b. compralo/óptimo
c. regalarlla/moi bonita
d. darlla/excepcional
- 6** ● Preciso dun tecido azul _____ o disface de Entroido a Xoel.
a. co que fago
b. para mercar
c. sobre o que facer
d. para facerlle
- 7** ● Estou farto de que todos _____ de min.
a. rin
b. se burlen
c. falan mal
d. búrlense
- 8** ● Non é que non me guste a nova profesora.
_____ xa estaba acostumado á outra.
a. En consecuencia,
b. O que pasa é que
c. Inclusive
d. Polo tanto,
- 9** ● Sonia, ultimamente chegas sempre tarde.
_____ chego tarde? Eu _____ .
a. Se/non penso
b. Como/non sei
c. Que/non diría iso
d. Que/non o faría
- 10** ● Non veu á clase toda a semana. Que _____ ?
a. estalle a pasar
b. lle pasaba
c. pasaralle
d. lle pasaría
- 11** ● Oíches, que pasou _____ nosa proposta?
○ Pois o de sempre, _____ en nada.
a. ao da/quedaría
b. co da/quedou
c. na/rematou
d. coa/concluíuse
- 12** ● Sabes _____ é un abano?
○ Si, é _____ te ventilas cando vai calor.
a. que/un obxecto co que
b. o que/algo que
c. que/un utensilio con que
d. como/algo co
- 13** ● Preciso dunha persoa _____ polo menos tres idiomas, á parte do galego. _____ alguén?
a. que saiba/ Coñecías
b. que sabe/ Coñeces
c. que fala/Coñecerías
d. que fale/Coñeces
- 14** ● O can que me regalaron non está contento no piso e ademais dá moito traballo.
○ _____ poñería un anuncio no xornal _____ .
a. Pois eu/ofrecendo
b. Recomendóche que/ofrecéndoo
c. Eu de ti/ofrecéndoo
d. Eu, no teu lugar/ofrecendo
- 15** ● Soubeches _____ novo director?
○ Pois, si, _____ volve ao seu país, non?
a. co/Creo que
b. o do/Parece que
c. o do/Non creo que
d. do/É probable que
- 16** ● Rosa, _____ un pouco? Non _____ traballar _____ que chegaches.
a. queres descansar/paraches a/desde
b. por que non traballas/deixaches de/dende
c. por que non descansas/deixaches de/dende
d. prefires descansar/remataches de/desde
- 17** ● E _____ non llo dixeches ao teu xefe?
○ Pensaba facelo hoxe, pero cando cheguei xa _____ .
a. por que/marchou
b. como/aínda marchaba
c. que/marchara
d. como aínda/marchara
- 18** ● “Este despedimento é improcedente” .
○ O xefe de persoal _____ .
a. recoñeceu que podía ser improcedente
b. cuestionou a improcedencia do despedimento
c. declarou que o despedimento era improcedente
d. preguntou se o despedimento procedía
- 19** ● Esta ponte _____ polo anterior goberno.
a. se fixo
b. fíxose
c. foi inaugurada
d. realizouse
- 20** ● Sinceramente, _____ que veñan os García _____ as festas da comarca.
a. gustárame/para
b. non creo en/para
c. creo/canda
d. non creo/para

Test 2

- 1 ● Xulia pedíume que _____ o salón e que _____ a cea.
a. recolla/xantase.
b. fíxese/preparase.
c. axeitase/fixera.
d. recollese/fíxese.
- 2 ● Xan, _____ Lucía e di que _____ por alí esta tarde.
a. chame/vaiamos
b. chamara/pasemos
c. chamou/pasemos
d. chama/viñese
- 3 ● “Non merques ese coche”.
○ Aconselloume que non _____ .
a. mercase aquel coche
b. mercara ese coche.
c. merquei este coche
d. podería mercar aquel coche
- 4 ● Pregunteille se _____ nesta cidade e díxome que só _____ de paso.
a. vive/estaría
b. vivía/estaba
c. vivira/estará
d. estaba/estaba
- 5 ● Quero un traballo que _____ .
a. é ben remunerado b. me guste
c. me paguen ben d. gustase moito
- 6 ● _____ quen está Matilde namorada?
Pois, _____ . Ao mellor _____ seu novo chofer.
a. Con/non o sei/do b. Por/non o sei/do
c. De/seino/de d. De/non o sei/ do
- 7 ● Se _____ facer a viaxe dos meus soños, _____ a Bos Aires.
a. puidese/iría b. podo/iría
c. puidera/viaxaría d. podo/ía
- 8 ● _____ este traballo se _____ un gran premio na lotería.
a. Aceptaría/tocáseme
b. Collería/non me tocara
c. Deixaría/me tocase
d. Querería/me tocase
- 9 ● _____ tampouco _____ á reunión de onte, _____ da oficina.
a. Finalmente/fun/debido a que quería volver
b. Ao final/puiden ir/porque saín tarde
c. Finalmente/estiven/xa que saíra tarde
d. Total/fora/posto que cheguei
- 10 ● Non é certo que non me gusten os nenos; _____ paso moitas tardes xogando cos meus sobriños.
a. ao mellor b. de feito
c. ademais d. resulta que
- 11 ● _____ dunha persoa que _____ o meu fillo cos deberes de inglés.
a. Preciso/axudara b. Precisaría/axudaba
c. Precisaba/axuda d. Precisaba/axudase
- 12 ● E que lle pareceu a Antía o regalo que che fixen?
○ Pois a verdade é que _____ .
a. aínda non llo mostrei
b. xa llo dixen
c. non cho mostrara
d. non llelo mostrei
- 13 ● As festas do Nadal _____ pasalas na compañía _____ .
a. gústanme/dos meus b. me gusta/dos meus
c. gústame/dos meus d. encántame/cos meus
- 14 ● Síntoo, pero mañá mesmo deixo este traballo.
○ E _____ dicir antes?
a. só mo puidiches
b. non me querías
c. como non mo podías
d. non mo puidiches
- 15 ● _____ tiña _____ sono, quedei durmida antes da cea.
a. Coma/tanto b. Como/tanto
c. Como/tal d. Coma/moito
- 16 ● De _____ co teu xefe por aquela tolería, aínda _____ a traballar aquí.
a. reclamares/virías
b. non falares/poderías
c. non discutires/estarías
d. berrares/estarías
- 17 ● Que bonita a festividade! Ían todos os nenos con _____ flor.
a. cadansúa b. cadansúas
c. cadanseus d. cadaquén as
- 18 ● O restaurante israelí pareceunos _____ caro, _____ decidimos xantar nun hindú.
a. tan/porque b. moi/dado que
c. ben/xa que d. tan/que
- 19 ● _____ a Londres cando rematamos a carreira, agora _____ un nivel C2 de inglés.
a. De irmos/termos
b. Se fósemos/teremos
c. De irmos/teríamos
d. Se formos/saberíamos
- 20 ● Onte non _____ á clase de portugués _____ dunha xaqueca.
a. estiven/debido
b. cheguei/por
c. fun/grazas a
d. fun/por mor

